

ESCRIBIR A PATERNIDADE: DOCUMENTOS NOTARIAIS E INTEGRACIÓN DE FILLOS NATURAIS NO CORGO DO XIX

Fuentes Sánchez, Tamara

tamarfs@gmail.com

Licenciada en Filoloxía francesa e hispánica (Universitat Autònoma de Barcelona)

Profesora de lingua e literatura francesas no ensino secundario e bacharelato

RESUMO

Este artigo analiza cinco casos de recoñecemento notarial de fillos naturais na xurisdición de Adai (O Corgo, Lugo) entre 1794 e 1819. A través do estudo dos protocolos de catro escribáns, examínanse as fórmulas empregadas, os perfís sociais dos protagonistas e as implicacións xurídicas e familiares destes actos excepcionais. O traballo achega luz sobre estratexias de integración extralegal no marco rural galego e propón novas vías de investigación sobre filiación, honra e transmisión patrimonial na Galicia contemporánea.

PALABRAS CLAVE

Filiación, ilexitimidade, recoñecemento, herdanza, Galicia rural, documentos notariais, familia, século XIX, O Corgo.

1. INTRODUCCIÓN

Este artigo nace como continuidade natural dunha investigación previa publicada na revista *Corga* nº 11 (2025) baixo o título *Entre o estigma e a aceptación: Maternidade ilexítima nas parroquias do Corgo*, onde se analizou o tratamento social e institucional das mulleres que tiveron fillos fóra do matrimonio no contexto do noso concello. Alí púxose de manifesto a forte estigmatización moral e legal que recaía sobre estas mulleres, e a súa dependencia das redes parroquiais e asistenciais.

Durante o proceso de documentación para aquel traballo, e concretamente nunha visita ao Arquivo Histórico Provincial de Lugo coa intención de localizar expedientes de nais "espontaneadas" —é dicir, mulleres que declaraban a maternidade ante autoridades civís ou eclesiásticas para evitar o abandono do fillo—, reparamos na existencia de

varias escrituras notariais de recoñecemento de fillos naturais outorgadas por homes solteiros ou casados. Estes documentos, dispersos entre os protocolos dos escribáns da xurisdición de Adai, amosaban unha práctica pouco habitual, máis con profundas implicacións sociais, xurídicas e familiares.

Ao contrastar esta documentación co que xa se tiña estudado sobre o destino das nais solteiras, resultou evidente que o recoñecemento notarial por parte dos pais era unha ferramenta de prestixio, inclusión simbólica e control da liñaxe. Deste xeito, este novo artigo propón unha análise sistemática destes casos de recoñecemento paterno como complemento crítico e contrapunto ao estudo das nais solteiras, ofrecendo así unha visión máis ampla da filiación ilexítima e das estratexias de control familiar na Galicia rural entre finais do século XVIII e principios do XIX.

Ademais de abordar o contexto social e xurídico destes actos notariais, tamén se ofrece unha descrición do corpus documental —formado por cinco casos entre 1794 e 1819—, así como unha análise das fórmulas utilizadas, os perfís dos protagonistas e as implicacións para a transmisión do apelido, a honra e os dereitos sucesorios. O estudo céntrase na antiga xurisdición de Adai, un territorio de estrutura rural, con forte presenza de pequenas elites fidalgas e cun sistema de parentesco marcadamente patrilineal.

2. MARCO HISTÓRICO E XURÍDICO

Ao longo do Antigo Réxime e ben entrada a Idade Contemporánea, a noción de filiación estivo fortemente condicionada polo marco xurídico e moral da sociedade. O concepto de fillo natural facía referencia á persoa nacida fóra do matrimonio, mais recoñecida como descendente

lexítimo polo pai ou pola nai. A clasificación tradicional diferenciaba entre fillos lexítimos (nados no seo do matrimonio), naturais (nados fóra del pero recoñecidos) e espurios ou ilexítimos (non recoñecidos ou impedidos legalmente de seren recoñecidos).

A lexislación civil española previa ao Código Civil de 1889, que se baseaba en gran medida nas *Leyes de Toro, o Fuero Real e a Recopilación de Leyes de Castilla*, recollía múltiples limitacións para os fillos naturais no relativo a dereitos sucesorios, uso de apelidos ou acceso a cargos públicos. A doutrina tradicional permitía o recoñecemento voluntario dun fillo natural, pero non sempre este implicaba a equiparación cos dereitos sucesorios dos lexítimos. Este recoñecemento podía realizarse mediante testamento, en acta de bautismo (cando o pai declaraba a súa paternidade) ou, de forma máis infrecuente, mediante escritura notarial pública.

A aprobación do Código Civil de 1889 supuxo unha tentativa de homoxeneizar a normativa sobre filiación en todo o territorio español. Neste texto lexislativo, o artigo 131 establecía que “os fillos naturais recoñecidos expresamente polo pai ou pola nai gozan dos dereitos que lles conceden as leis civís, sen prexuízo dos lexítimos”. Aínda que Galicia foi considerada territorio de dereito foral ata ben entrado o século XX, moitas destas disposicións xa tiñan eco na práctica xurídica local desde moito antes, especialmente nas clases sociais con maior acceso á formación legal ou ao notariado¹.

Neste contexto, o papel do notario era clave como mediador institucional e como fedatario público. Segundo Gacto Fernández (2007), o notariado servía de ponte entre a vontade privada e a súa formalización legal, e ofrecía garantía documental ás accións que afectaban a dereitos patrimoniais ou familiares². A intervención dun notario outorgaba forza probatoria ao recoñecemento, e

garantizaba que non fose revogado ou contestado posteriormente, aspecto esencial cando o pai recoñecedor pretendía asegurar a transmisión de bens ou de prestixio familiar ao fillo natural.

Así e todo, a fórmula notarial era minoritaria no recoñecemento de fillos naturais. As formas máis habituais eran a eclesiástica (acta de bautismo onde o pai manifestaba a súa paternidade ante o crego) e a testamentaria (testamento onde o pai declaraba o fillo natural e deixáballe parte da súa herdanza). A primeira tiña un valor moral e relixioso, e permitía que o nome do pai constase nos rexistros parroquiais, mentres que a segunda tiña efectos patrimoniais directos, mais non necesariamente xerais se non era coñecida por todos os herdeiros ou non superaba a porción legal dispoñible³.

O recoñecemento voluntario realizábase por iniciativa do pai, sen presión xudicial, e tiña como finalidade —nas clases medias ou nobres— lexitimar socialmente a figura do fillo, garantirle un futuro estable e protexer o apelido ou a casa familiar. Por outra banda, o recoñecemento forzoso ou reclamado podía xurdir de procesos xudiciais iniciados polos propios fillos ou polas nais, especialmente en contextos de abandono, necesidade de alimentos ou conflito pola herdanza. Estes procesos eran custosos e pouco frecuentes no rural galego, mais aparecen documentados puntualmente desde finais do século XVIII e máis sistematicamente no XIX, coincidindo co fortalecemento da acción legal individual na nova orde liberal.

As fontes notariais analizadas da xurisdición de Adai mostran recoñecementos maioritariamente voluntarios, realizados ante escribán e testemuñas, coa inclusión de fórmulas xurídicas que garantían a irrevogabilidade do acto e a súa plena eficacia civil. En varios casos, o recoñecemento está acompañado de manifestacións de honra e nobreza, indicio claro de que os pais

¹Garrido de Palma, V. M. (1982). El reconocimiento de hijos. Academia Matritense del Notariado.

²Gacto Fernández, E. (2007). La filiación no legítima en el derecho histórico español. En Historia del derecho de familia en España (pp. 225–256). Dykinson.

³Dubert, I. (2001). La ilegitimidad en la Galicia rural, 1570-1900. Universidade de Santiago de Compostela.

recoñecedores pertencían a casas fidalgas ou a liñaxes locais con certo peso social. Este desexo de asegurar a transmisión do prestixio, da casa ou da condición libre ao fillo natural era un motivo central do recoñecemento notarial, como se observa nos documentos do ano 1817 e 1819, nos que se outorga ao fillo o dereito a usar da nobreza e acceder a cargos e empregos públicos, "como calquera lexítimo".

Así mesmo, en varios destes documentos, como os de 1803 e 1817⁴, os fillos naturais tamén aparecen como partícipes do proceso, aceptando pagos por alimentos ou renunciando a dereitos hereditarios posteriores. Esta interacción entre pai e fillo no recoñecemento notarial suxire un tipo de acordo semellante ao que Crespo Sánchez e Hernández Franco (2015) denominan "pacto de filiación negociada", no que ambos asumen compromisos civís e xurídicos que garanten o recoñecemento e ao tempo evitan litixios futuros⁵.

En resumo, o marco xurídico da filiación no século XVIII e XIX permitía recoñecer fillos naturais de forma voluntaria, mais o uso da escritura notarial para este fin era escaso e reservado a contextos concretos onde a vontade de garantir dereitos civís, evitar conflitos e manter o estatus familiar xustificaba o recurso ao notariado.

3. AS FONTES ESTUDADAS: OS PROTOCOLOS NOTARIAIS DA XURISDICIÓN DE ADAI

O presente traballo fundamenta a súa análise en fontes documentais conservadas nos protocolos notariais da antiga xurisdición de Adai, pertencente ao actual concello do Corgo, na provincia de Lugo. Estes protocolos abranguen documentación de natureza privada elevada a escritura pública, redactada e autorizada por notarios —escribáns do número— entre os séculos XVIII e XIX. No caso que nos ocupa, trátase de documentos

custodiados no Arquivo Histórico Provincial de Lugo, procedentes da actividade de catro notarios consecutivos que exerceron en dita xurisdición durante un período continuado de máis dun século (1711–1841).

Os catro escribáns que producen os protocolos examinados foron:

- Antonio López Torró (1711–1751)
- Juan Antonio Cedrón Valcarce (1738–1774)
- Felipe Antonio Taboada (1777–1814)
- José Ramón Freire Díaz (1815–1841)

Estes escribáns, nomeados polo rei ou polas autoridades locais con competencia delegada, tiñan como función recoller por escrito e autenticar actos e contratos de natureza xurídica privada: compravendas, doazóns, testamentos, recoñecementos de débeda, fianzas, poderes, contratos matrimoniais ou recoñecementos de filiación, entre outros. A súa intervención outorgaba fe pública notarial, o que significa que o contido da escritura era considerado verdadeiro e acreditado legalmente, salvo proba en contrario.

Os protocolos notariais que legaron estes catro notarios constitúen unha fonte extraordinariamente valiosa para o estudo da sociedade rural galega. A través deles pódese reconstruír non só a estrutura económica e patrimonial das familias da zona, senón tamén as súas relacións sociais, afectivas e xurídicas. Os notarios actuaban como fedatarios da vontade privada, mais tamén como redactores expertos, adaptando fórmulas legais estandarizadas a casos concretos e servindo, moitas veces, como asesores técnicos de veciños con escasa alfabetización.

A revisión sistemática de máis dun século de protocolos permite observar tendencias, variacións na linguaxe xurídica e incluso cambios nos modelos de familia, transmisión da propiedade e expresión da identidade. É importante subliñar que estes protocolos non se organizan por temática, senón por orde cronolóxica, o que implica

⁴cf. apartado 6 Anexo.

⁵Crespo Sánchez, F. J., & Hernández Franco, J. (2015). La construcción del modelo de paternidad en España (1870-1920). *Relaciones. Estudios de Historia y Sociedad*, 36(142), 165–198.

unha labor minuciosa de lectura e localización documental para identificar actos concretos como os recoñecementos de fillos naturais.

Neste estudo, tras a revisión de centos de escrituras, foron localizados só cinco documentos notariais de recoñecemento de filiación extramatrimonial, todos realizados ante escribáns da xurisdición de Adai entre 1794 e 1819. Esta escasa presenza reflicte o carácter altamente excepcional deste tipo de documento, xa que a maioría dos recoñecementos de fillos naturais realizábanse por vías máis informais ou menos expostas á publicidade notarial, como as actas de bautismo, onde o pai podía manifestarse como tal ante o crego, ou nos testamentos, que permitían introducir declaracións de paternidade no momento da morte.

O feito de que cinco varóns —algúns fidalgos ou pertencentes a casas distinguidas— optasen por recoñecer notarialmente os seus fillos naturais ante testemuñas, con fórmulas xurídicas que garantían a irrevogabilidade do acto e a súa validez civil, amosa unha vontade clara de outorgar efectos legais plenos á filiación. Alén do recoñecemento en si, estes documentos incluían con frecuencia cláusulas de honra, declaracións de sangue limpa e nobreza, cesión de dereitos civís e incluso outorgamento de liberdade para exercer oficios ou obter cargos públicos, cousa que implicaba unha pretensión de integración social e patrimonial plena do fillo recoñecido.

A análise destes documentos tamén permite observar a evolución da linguaxe notarial e a súa adaptación ao contexto ideolóxico do momento. Así, mentres no século XVIII predominan fórmulas máis sucintas e centradas na declaración de paternidade, os escritos do primeiro terzo do XIX incorporan un léxico máis elaborado, referencias directas ao dereito civil e canónico, e fórmulas de renuncia explícita a calquera reclamación futura por parte dos fillos recoñecidos. Este cambio pode interpretarse como resultado dun proceso de formalización xurídica crecente no marco das

reformas ilustradas e da progresiva consolidación do Estado liberal.

Cómpre destacar tamén que os escribáns aquí citados traballaron en parroquias distintas do territorio da xurisdición de Adai, incluíndo Santa María de Queizán, San Pedro de Paradela, San Xoán do Corgo ou Santa Mariña de Cabreiros. Esta dispersión territorial mostra como o notariado estaba distribuído para cubrir as necesidades dun espazo rural extenso e fragmentado, mais tamén relativamente articulado por liñas de parentesco, casas fidalgas e núcleos parroquiais.

En definitiva, os protocolos notariais da xurisdición de Adai constitúen unha fonte de primeira orde para estudar o recoñecemento notarial de fillos naturais, tanto pola súa capacidade para reproducir fórmulas xurídicas complexas, como pola súa utilidade para revelar decisións familiares excepcionais no marco dunha sociedade que privilexiaba a lexitimidade matrimonial como norma. A súa análise contextualizada permite entender mellor as tensións entre norma e práctica, entre dereito e moral, e entre invisibilidade social e vontade de inclusión.

4. ANÁLISE DOCUMENTAL: FORMAS E FÓRMULAS DE RECOÑECIMENTO

Nesta sección exploramos con profundidade como se expresan os recoñecementos documentais nos cinco casos localizados na xurisdición de Adai, clarificando as formas empregadas, as diferenzas entre rexistros notariais e eclesiásticos, a cronoloxía dos actos e os seus obxectivos patrimoniais ou sociais.

4.1. Formulación do recoñecemento: linguaxe xurídica e afectiva

Os textos dos recoñecementos reflicten un equilibrio entre unha linguaxe formal e afectiva. Son frecuentes expresións como “**recoñezo por fillo natural**”, “**facer acreedor de nobreza e distincións**”, ou “**deseando os mellores**

umentos, honras e distincións civís". Esta combinación xurídico-afectiva serve para manifestar tanto a autoridade legal do acto como a intención de garantir o recoñecemento da paternidade de forma pública e duradeira.

Os recoñecedores xuran ante testemuñas e expresan explícitamente que actúan "**de mutuo propio**", "**sen fraude**" e "**sen reserva**". En varios manuscritos do XIX, coma no de **Manuel Sánchez a Gregorio Sánchez (1817)**, o pai outorga ao fillo "licenza para usar da súa persoa con liberdade conforme ao dereito", e renuncia a calquera acción futura ou reclamo posterior.

Segundo Gacto Fernández (2007), estes linguaxes son característicos dos recoñecementos notariais porque incorporan cláusulas de irrevogabilidade e elementos de renuncia legal explicitada que non aparecen noutras formas de recoñecemento⁶.

4.2. Documentos ante notario vs. ante rector ou testemuña

A maioría dos recoñecementos de fillos naturais realizábanse —históricamente— mediante **actas de bautismo**, onde o pai declaraba ante o cura que era o progenitor. Esta vía tiña carácter confesional e moral pero carecía da forza probatoria e legal dunha escritura pública.

Por outro lado, os **testamentos** tamén podían incluír declaracións de filiación, pero non garantían a publicidade e o recoñecemento inmediato polos herdeiros ou pola comunidade local. Ademais, a eficacia sobre a herdanza podía verse limitada polas porcións legítimas obrigatorias.

Os documentos notariais, en contraste, eran escrituras públicas formalizadas ante escribán e testemuñas e cunha solemnidade específica. Como sinala Gacto Fernández (2007), o notario outorga **valor de terceira fe pública**, conferíndolles plena probanza e vigor legal: son irrefutables salvo proba en contrario⁷.

⁶Gacto Fernández, E. (2007). La filiación no legítima en el derecho histórico español. En Historia del derecho de familia en España (pp. 225–256). Dykinson.

⁷Ibidem.

Ademais, segundo Crespo Sánchez e Hernández Franco (2015), esta modalidade permite incorporar cláusulas restritivas e pactos explícitos que vinculan non só ao recoñecedor senón tamén ao recoñecido, o que reforza o carácter negociado e pactado do recoñecemento⁸.

4.3. Momento do recoñecemento: etapas vitais

Nos rexistros estudados do Corgo observamos que estes recoñecementos se realizaron en momentos moi diversos:

- **Antes do matrimonio:** como nos casos de **Díaz Guitián (1794)** e o de **José de la Puente (1819)**, realizado mentres o pai era solteiro e libre, anticipándose a un posible enlace futuro; un intento de regularizar a filiación antes dunha unión formal.
- **Na vellez ou proximidade á morte:** motivación de asegurar dereitos para fillos nados con moito tempo atrás, cando non existía herdeiros lexítimos, como en certos recoñecementos tardíos, que mesmo mencionan a redución patrimonial ou vínculo familiar e explican a ausencia de vínculo matrimonial. Como é o caso de **Páramo e Neyra** en 1817.
- **Tras conflitos patrimoniais ou accións xudiciais:** en documentos como os de **1803 (Fernández Monasterio)** e **1817 (de Páramo e Neyra)**, o recoñecemento chega tras o inicio dunha acción de alimentos ou disputa, facendo que o recoñecido renunciase a reclamacións e recibise cantidades pactadas como contraprestación legal. Estes casos evidencian que o recoñecemento estaba estreitamente vinculado a solucións pactadas e formais de conciliación familiar.

⁸Crespo Sánchez, F. J., & Hernández Franco, J. (2015). La construcción del modelo de paternidad en España (1870-1920). Relaciones. Estudios de Historia y Sociedad, 36(142), 165–198.

4.4. Recoñecemento como garantía de herdanza ou de convivencia

Os cinco casos estudados evidencian que o recoñecemento servía frecuentemente como mecanismo para garantir dereitos patrimoniais:

- Os cinco fillos recoñecidos eran declarados “**accededores de nobreza ou distincións civís**” equivalentes á posición do pai, con capacidade para exercer oficios ou acceder a cargos públicos — unha estratexia social clara de integración do fillo na liñaxe familiar.
- En dous casos (1803, 1817), os recoñecidos aceptan pagos por “alimentos e socorros”, e renuncian expresa e irreversible a calquera acción posterior. No documento de Juan Fernández Monasterio, o fillo Matheo recibe 1.866 reais e renuncia formalmente a reclamacións futuras, seguindo un formato contractual que servía para evitar litixios legais futuros.
- En outros casos, como o do recoñecemento de **Gregorio** (1817) por parte de **Domingo López** (1819), o texto expreso a intención de garantir non só a herdanza senón a permanencia dunha posición social, a honra e a continuidade da casa familiar: «**facer dono en vida e morte** e permitir que os seus descendentes usen da condición honorífica recoñecida» — o que supón un claro intento de normalizar a figura do fillo natural dentro da estrutura familiar patrimonial.

Segundo Dubert (2001), estes recoñecementos notariais manifestan claramente unha estratexia de integración social e familiar que, aínda que minoritaria, xoga un papel fundamental para entender a evolución da filiación nas clases rurais acomodadas.

Outro aspecto en relación ao momento do recoñecemento que é preciso resaltar é que en ocasións facíase directamente e de maneira colateral noutro tipo de protocolos, por exemplo na doazón de terras. Por iso, a garantía de prover

dereitos patrimoniais cobra aínda máis importancia no feito de recoñecer os fillos naturais.

5. PERFÍS DOS PAIS RECOÑECEDORES E DOS FILLOS RECOÑECIDOS

O perfil dos pais recoñecedores que atopamos nos protocolos da xurisdición de Adai entre 1794 e 1819 amosa unha tendencia común: son homes inseridos en redes familiares e profesionais solventes, con acceso ao notariado, e con interese en asegurar prestixio, transmisión de bens ou lexitimidade social aos seus descendentes naturais.

Un exemplo significativo é Don Juan Fernández Monasterio, quen, segundo documentación complementaria, era cuñado de Manuel Nadela, capitán do Real Corpo de Enxeñeiros Militares falecido en servizo nas Canarias, e tamén de Pedro Nadela, cura con actividade notarial. Monasterio aparece en varios protocolos, reclamando herdanzas e dotais, o que evidencia un uso habitual da vía notarial como espazo de xestión patrimonial e recoñecemento de dereitos.

Tamén Don Ramón de Páramo y Neyra mostra un perfil notorio: o recoñecemento do seu fillo natural José en 1817 vai seguido do seu testamento (1820), onde ratifica a filiación e asigna doazóns específicas á nai do fillo e a outras mulleres da súa casa, nun xesto que transcende a legalidade e incorpora un elemento de reparación social. O documento expresa, así mesmo, unha vontade clara de ordenar a transmisión patrimonial sen deixar cabos soltos⁹.

Manuel Sánchez Cedrón, que recoñece a Gregorio Sánchez, pertencía a unha familia con capital legal: o seu irmán Gregorio exercía como avogado. Isto sitúa o acto de recoñecemento dentro dun marco de asesoramento xurídico e seguridade procedemental.

⁹Testamento de Ramón de Páramo y Neira, Corgo, O Corgo, Lugo, Galicia, Spain records," images, FamilySearch (<https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSG8-GWQ1-F?view=fullText> Ag 1, 2025), image 1811 of 2779; Corgo (Lugo). Notaría. Image Group Number: 008216346

En canto a José Díaz Guitián, non se localizou máis documentación súa nos protocolos, mais é posible un vínculo cos Díaz Guitián de Hospital de Chamoso, familia relacionada co servizo de postas dende 1683. De confirmarse, trataríase dun home pertencente a unha liñaxe con funcións públicas relevantes, reforzando o patrón observado.

Finalmente, José López de la Puente, recoñecedor no documento de 1819, aparece tres anos máis tarde concertando unha dotal para o seu matrimonio con Juana Somoza. O documento notarial, complexo e detallado, sitúao como titular de rendas agrícolas en cento e participante activo en contratos dotais con cláusulas de garantía e reversibilidade. Este perfil de home con recursos e solvencia contractual encaixa plenamente coa tendencia observada.

A filiación ilexítima, como sinala Dubert (2001), era moito máis frecuente nas clases populares, pero rara vez se formalizaba notarialmente. No caso das elites rurais, pola contra, os recoñecementos documentais tiñan unha función clara: **protexer o apelido e o patrimonio familiar**, especialmente na ausencia de descendencia lexítima ou como mecanismo para integrar descendentes naturais na estrutura da casa familiar sen escándalo social¹¹.

Outro elemento destacábel é a idade avanzada de algúns dos pais recoñecedores, como ocorre nos casos de recoñecemento tras conflitos alimentarios. Estes homes —xa con descendencia lexítima e patrimonio vinculado— recoñecen fillos naturais probablemente concibidos na mocidade, ben por remordemento, por presión externa ou para evitar procesos xudiciais e escándalos.

5.1. Os fillos recoñecidos: idade, condición e participación

No que respecta aos fillos recoñecidos, todos son **homes** e figuran como adultos no momento do

recoñecemento. En polo menos tres casos (**1803, 1817, 1819**), aparecen como partes activas do acto notarial: aceptan pagos, renuncian a dereitos, comprométese a non iniciar procesos contra os seus pais, etc. Isto confirma que o recoñecemento, lonxe de ser só unha declaración unilateral, podía tamén adquirir a forma dun **pacto bilateral**, próximo ao que Crespo Sánchez e Hernández Franco denominan “filiación negociada”¹².

A súa **participación activa** nos documentos reflicte tamén unha intención clara de obter seguridade xurídica e recoñecemento social. Os fillos recoñecidos non son simples beneficiarios pasivos; son axentes que —dende unha posición subordinada— negocian o seu lugar na estrutura familiar e na sociedade.

En termos de idade, ningún dos fillos é menor de idade no momento do recoñecemento, e nalgúns casos xa teñen máis de vinte e cinco anos, como se indica explícitamente. Este dato é relevante porque desbota a idea dun recoñecemento feito por motivos afectivos ou de protección infantil, e apunta máis ben a unha **acción reparadora** por parte do pai, ou a un **pacto de conveniencia** entre dúas persoas adultas unidas por vínculo de sangue e necesidade social (os fillos naturais podían precisar lexitimarse de cara á familia política se estaban a piques de casarse) ou económica.

5.3. A posición das nais: presenza ou ausencia

Un dos aspectos máis reveladores destes documentos é a case total ausencia das nais. Só se mencionan os seus nomes e a súa orixe parroquial, sen que participen no acto nin conste ningunha declaración pola súa banda. Son identificadas como “solteiras”, sen impedimento para contraer matrimonio, e en ningún caso se menciona abandono ou conflito coa figura materna.

¹¹Dubert, I. (2001). *La ilegitimidad en la Galicia rural, 1570-1900*. Universidade de Santiago de Compostela

¹²Crespo Sánchez, F. J., & Hernández Franco, J. (2015). La construcción del modelo de paternidad en España (1870-1920). *Relaciones. Estudios de Historia y Sociedad*, 36(142), 165–198.

A invisibilización das nais no recoñecemento notarial é coherente co papel subordinado que tiñan na sociedade. A filiación materna era evidente polo parto e non requiría recoñecemento formal. En cambio, a filiación paterna —especialmente se era extramatrimonial— debía ser **ratificada pola vontade do pai**, como se observa nos documentos analizados e como confirma a doutrina xurídica do momento¹³.

Segundo Ofelia Rey Castelao (2011), esta dinámica reforza o control masculino sobre a filiación e os destinos patrimoniais das casas, mantendo á muller fóra da esfera pública do recoñecemento e do poder¹⁴.

6. IMPLICACIÓNS SOCIAIS E FAMILIARES

O recoñecemento notarial de fillos naturais na Galicia rural de finais do Antigo Réxime e inicios da Idade Contemporánea non só tivo efectos legais, senón tamén importantes implicacións sociais e familiares, tanto para os individuos directamente implicados como para o seu entorno inmediato. Os cinco casos estudados no marco da xurisdición de Adai amosan con claridade que este tipo de recoñecementos non se explican unicamente por motivos afectivos ou morais, senón por estratexias de continuidade patrimonial, protección do apelido, e inclusión simbólica na liñaxe familiar, que merecen unha análise máis detallada.

6.1. Blindaxe da estirpe e transmisión do prestixio familiar

Como se viu nos apartados anteriores, os pais recoñecedores pertencían a casas fidalgas ou acomodadas, e os seus documentos inclúen referencias expresas á “nobreza gozada pacíficamente”, á “honra da casa”, e á vontade de permitir ao fillo recoñecido exercer cargos e gozar da mesma liberdade xurídica que un lexítimo.

¹³Gacto Fernández, E. (2007). La filiación no legítima en el derecho histórico español. En Historia del derecho de familia en España (pp. 225–256). Dykinson.

¹⁴Rey Castelao, O. (2011). Historia de las mujeres en Galicia. Idade Moderna. Universidade de Santiago de Compostela.

Esta vontade de outorgar recoñecemento formal e dereitos simbólicos constitúe un xeito de protección da liñaxe, ao tempo que se evita a ruptura da continuidade familiar por falta de descendencia lexítima.

Segundo Dubert (2001), nas zonas rurais galegas, especialmente entre familias con certa posición social, a filiación ilexítima recoñecida era unha fórmula excepcional pero útil para manter a transmisión da casa ou do nome familiar, especialmente se non había fillos lexítimos varóns dispoñibles para herdar ou perpetuar o apelido¹⁵. O recoñecemento ante notario servía, entón, para lexitimar socialmente unha figura que xuridicamente seguía sendo ilexítima, pero que podía asumir funcións equivalentes ás do herdeiro lexítimo.

Ademais, o uso do notariado reforzaba a visibilidade pública do recoñecemento. Mentres que a declaración en testamento ou en acta de bautismo podía permanecer semioculta ou limitada a certas instancias, a escritura notarial era clara, accesible e estaba rexistrada cronoloxicamente, co cal o fillo recoñecido pasaba a ser unha figura recoñecida legal e socialmente ante a comunidade.

6.2. Normalización dunha figura social ambigua

O fillo natural ocupaba tradicionalmente unha posición ambigua e inestable dentro da estrutura familiar. Se non era recoñecido, quedaba nun limbo legal que lle impedía herdar ou usar apelidos do pai. A súa posición dentro da casa era dependente da boa vontade da familia lexítima e da súa capacidade de integración pola vía informal. O recoñecemento notarial, como sinala Gacto Fernández (2007), permitía normalizar esa figura e outorgarlle un lugar no sistema de parentesco, aínda que sen modificar a súa condición legal de ilexítimo¹⁶.

¹⁵Dubert, I. (2001). La ilegitimidad en la Galicia rural, 1570-1900. Universidade de Santiago de Compostela.

¹⁶Gacto Fernández, E. (2007). La filiación no legítima en el derecho histórico español. En Historia del derecho de familia en España (pp. 225–256). Dykinson.

Neste sentido, a escritura notarial podía operar como unha ferramenta de pacificación familiar, ao reducir os conflitos entre os herdeiros lexítimos e os naturais. Non é casual que en dous dos casos estudados (1803 e 1817), o recoñecemento se produza tras un intento ou ameaza de reclamación por alimentos ou herdanza. En ambos, o pai recoñece o fillo a cambio dunha renuncia expresa aos dereitos hereditarios e dun pago monetario, o que reflicte un mecanismo de negociación privada e anticipación do conflito xudicial.

Crespo Sánchez e Hernández Franco (2015) interpretan estas dinámicas como expresión dun modelo de paternidade no que a autoridade moral e xurídica do pai se reforza a través do acordo, e non da imposición: o pai recoñece, mais tamén se protexe mediante cláusulas de non impugnación e de aceptación plena por parte do fillo¹⁷.

6.3. Invisibilidade da muller e reforzo do poder masculino

Unha das implicacións máis claras destes documentos é a ausencia case absoluta da figura materna. As nais son apenas mencionadas polo nome e a súa condición de solteiras. Non interveñen, non asinan, nin se lles recoñece dereito algún no proceso de recoñecemento. Esta exclusión reflicte o sistema patriarcal da época, onde a transmisión do nome, dos bens e da condición social era monopolio dos homes.

Como indica Rey Castelao (2011), as mulleres quedaban fóra dos mecanismos formais de recoñecemento de filiación, e o seu papel como proxenitoras só tiña valor cando se trataba de asignar responsabilidade moral, pero non dereitos nin decisións legais sobre a sorte do fillo¹⁸.

Este desequilibrio perpetuaba unha estrutura de poder na que só o pai podía outorgar validez á

filiación extramatrimonial, e onde o fillo natural dependía totalmente da súa vontade para integrarse na liñaxe ou quedar excluído. En consecuencia, o recoñecemento notarial non só era un acto legal, senón tamén unha afirmación de poder patriarcal.

6.4. Excepción que confirma a norma

Finalmente, a excepcionalidade destes documentos notariais é, en si mesma, unha implicación sociolóxica relevante. O feito de que nun período de máis dun século só se localizaran cinco casos na xurisdición de Adai indica que a práctica común seguía sendo a ocultación, o recoñecemento informal ou o silencio.

A existencia destas cinco escrituras suxire que só certas combinacións de factores —posición social, ausencia de herdeiros lexítimos, presións económicas ou morais— levaban a optar pola vía notarial. En palabras de Dubert, trátase de "estratexias de legitimación compensatoria", orientadas a resolver situacións que non atopaban encaixe nas normas do dereito canónico ou civil habitual¹⁹.

7. CONCLUSIÓNS E PERSPECTIVAS DE INVESTIGACIÓN

O estudo dos cinco documentos notariais de recoñecemento de fillos naturais localizados nos protocolos da xurisdición de Adai (Corgo, Lugo) entre 1794 e 1819 permite extraer diversas conclusións de interese para a historia social, xurídica e familiar da Galicia rural do século XIX.

En primeiro lugar, cómpre destacar a **rareza e excepcionalidade** deste tipo documental: nunha revisión exhaustiva de máis de cen anos de protocolos, só se localizaron cinco casos, malia que a ilexitimidade era un fenómeno relativamente frecuente no mundo rural galego, como demostra a historiografía demográfica (Dubert, 2001)¹.

¹⁷Crespo Sánchez, F. J., & Hernández Franco, J. (2015). La construcción del modelo de paternidad en España (1870-1920). *Relaciones. Estudios de Historia y Sociedad*, 36(142), 165-198.

¹⁸Rey Castelao, O. (2011). *Historia de las mujeres en Galicia. Idade Moderna*. Universidade de Santiago de Compostela.

¹⁹Dubert, I. (2001). *La ilegitimidad en la Galicia rural, 1570-1900*. Universidade de Santiago de Compostela.

Isto indica que o recoñecemento por escritura pública notarial non era unha práctica habitual, senón reservada a contextos e perfís sociais moi concretos.

Os homes que recoñecen os seus fillos naturais fano desde posicións de poder—económico, social e xurídico—, e con motivacións estratéxicas claras: asegurar a continuidade da liñaxe, evitar litixios por herdanza ou alimentos, garantir a transmisión simbólica da honra familiar ou restituír un vínculo afectivo deteriorado polo tempo e a ilexitimidade. O uso da escritura notarial lles permite dar **forma legal e pública** a estes obxectivos, protexéndose eles mesmos e ao tempo outorgando dereitos ao fillo recoñecido.

O perfil social dos pais recoñecedores analizados revela que o recoñecemento notarial de fillos naturais non era tanto unha práctica de urxencia ou marxinación, senón unha decisión **consciente e estratéxica**, tomada por homes con recursos e inserción en redes familiares solventes. Estes documentos servían para garantir a **continuidade da estirpe, lexitimar relacións extramatrimoniais**, ou ben evitar litixios futuros en materia de herdanzas. Ao tempo, amosan **a capacidade da vía notarial para integrar fórmulas de xustiza privada e reparación social**, superando loxicamente a imaxe estigmatizadora que tantas veces recae sobre a filiación ilexítima.

Así mesmo, observamos que os documentos analizados se inscriben nun **modelo xurídico-patriarcal de recoñecemento**, no que a vontade do pai é o único elemento capaz de dotar de lexitimidade e acceso á honra ao fillo natural. As nais apenas aparecen como referencias pasivas, sen intervención nin capacidade legal recoñecida. Esta estrutura responde ás normas de filiación anteriores ao Código Civil de 1889, nas que a maternidade era evidente pero a paternidade debía ser afirmada e probada (Gacto Fernández, 2007)². Este artigo, en diálogo co estudo anterior sobre nais solteiras, permite reconstruír dous itinerarios sociais ben diferentes en torno á ilexitimidade, revelando a profunda desigualdade de xénero na xestión da filiación extramatrimonial.

A nivel documental, estes textos ofrecen un **lexicon xurídico altamente formalizado**, con fórmulas que evocan a tradición notarial castelá (renuncias á “non numerata pecunia”, promesas “por vida e morte”, sometemento ás xustizas do rei, etc.). Ao mesmo tempo, inclúen expresións afectivas (“deseando os mellores aumentos, honras e distincións civís”) que amosan a dimensión emocional, ou polo menos simbólica, destas accións.

A análise permite tamén identificar o recoñecemento como un **acto de mediación e resolución de conflitos**, especialmente nos casos nos que o fillo natural comparece para renunciar a dereitos sucesorios ou reclamar compensacións económicas. Nestes contextos, o notario actúa como figura de autoridade e garante da paz familiar, asegurando que o pacto sexa firme e inviolábel, como sinalan Crespo Sánchez e Hernández Franco (2015)³.

Como perspectiva de investigación futura, este estudo abre diversas liñas de traballo:

- En primeiro lugar, cómpre ampliar o corpus documental a outras xurisdicións galegas (p. ex. Sarria, Monforte, Mondoñedo), para verificar se a rareza dos recoñecementos notariais é un fenómeno exclusivo de Adai ou se se reproduce noutras zonas rurais. Un estudo comparado permitiría contextualizar mellor a especificidade do Corgo.
- En segundo lugar, sería de grande interese analizar a **traxectoria vital dos fillos recoñecidos**: accederon efectivamente a bens ou cargos? Foron recoñecidos socialmente? Foron aceptados polos herdeiros lexítimos? A través da conxunción de fontes (rexistros civís, actas notariais, partidas de defunción ou matrimonios), poderíanse reconstruír as súas biografías.
- Finalmente, desde unha perspectiva máis ampla, este tema conecta co estudo da **identidade social na Galicia rural**: quen era recoñecido e quen non? Que papel xogaba

a ilexitimidade na transmisión da honra, da propiedade e da posición social? Estas preguntas permiten enlazar coas correntes actuais da historia da familia, a microhistoria e a antropoloxía histórica.

Este traballo non pretende esgotar un tema tan amplo como o da filiación extramatrimonial, pero si mostrar que, incluso nun espazo rural como o Corgo, existiron prácticas conscientes e reguladas para dar lugar á integración de fillos ilexítimos nas liñaxes locais. A escritura notarial foi, en casos moi concretos, a ferramenta escollida para outorgar visibilidade, seguridade xurídica e protección simbólica a estes fillos situados fóra da norma.

8. ANEXO

Documentos analizados transcritos

1794- Reconocimiento de un hijo natural que hizo Don Joseph Díaz Guitián



SELO QUARTO Veinte maravedís, **MIL DE SETECIENTOS NOVENTA Y CUATRO.**

En la feligresía de Santa Marina de Cabreiros Jurisdicción de la Villa y Puebla de Aday a cinco días del mes de Junio año de mil setecientos noventa y cuatro: Delante mi escribano de número y testigos infrascritos pareció personalmente el que dijo ser, y llamarse Don Joseph Díaz Guitián, vecino de la Parroquia de

Santa María Magdalena de Sabarei incluida en esta dicha jurisdicción y dijo =

Que hallándose en el estado libre capaz de contraer matrimonio con Ángela Gómez también soltera vecina de la propia feligresía tuvo en ella por hijo natural a Don Joseph Díaz de Guitián residente en el día en la Parroquia de San Mamed de Piñeirás, jurisdicción de Lugo a quien reconoce por tal hijo natural haciéndole capaz, y acreedor de la Hidalguía y distinciones de que goza el otorgante en conformidad de las Leyes del Reino, y jura a Dios nuestro Señor con una señal de cruz que formó en su mano derecha de que certifico de que para hacer un reconocimiento no procede con fraude ni inteligencia contraria al derecho Civil Real y Canónico, confesando lo executa de su propio mutuo por distinguir , y legitimar la persona de dicho su hijo, haciéndolo capaz de obtener todos los oficios y empleos que le sean dados por S. M. y municipalidad y obligándose con persona, y bienes presentes y futuros de estar y pasar en todo tiempo por esta escritura que hace irrevocable, a cuyo fin se sujeta a las justicias de S. M. renunciando las Leyes de su favor con la general que priva esta renunciación así lo digo, y ofrece firman siendo testigos Don Froilán de Neyra y Gayoso, vecino de la feligresía de San Pedro de Farnadeiros, Don Benito Antonio Somoza Receptor del Tribunal, y Don Pedro Manuel Taboada de esta vecindad, de todo lo cual conocimiento del otorgante, al que según informes que tengo se halla en el día casado, yo Escribano certifico =

Don Joseph Díaz Guitián

Ante mí

Don Felipe Antonio Taboada

Nota: En el mismo día di copia al otorgante.

1803- Convenio y reconocimiento de hijo natural de don Juan Fernández Monasterio y don Mateo Fernández Monasterio



SELLO CUARTO, QUARENTA MARAVEDÍS, AÑO DE MIL OCHOCIENTOS Y TRES

En la feligresía de Santa María de Queizán, jurisdicción de la Villa y Puebla de Aday, obispado de Lugo, Reino de Galicia, a ocho días del mes de mayo año de mil ochocientos y tres: delante mi escribano de número y testigos abajo escritos, parecieron personalmente , de la una parte Don Juan Fernández Monasterio, y de la otra Don Matheo Fernández, el primero vecino del lugar de Gracián, feligresía de San Pelayo de Arcos en este propio Juzgado, y el segundo residente en la jurisdicción de Castro de Rey, obispado de Mondoñedo y dijeron:

Que prevalido el Don Matheo Fernández de la prerrogativa de ser hijo natural de dicho Don Juan Fernández tenido y procreado en Maria de Eyras oriunda del mismo pueblo de Gracián en tiempo y estado en que los dos podían contraer legítimo matrimonio intentó promover acción de alimentos contra el referido su padre a quien en este caso le asistían varios fundamentos de defensa como principalmente: el de tener seis hijos de legítimo matrimonio: poseer un reducido patrimonio vincular y haber entregado a dicho Don Matheo para su subsistencia alimenticia y otros socorros que en varias partidas hasta la suma de más de tres mil reales como lo confiesa, y de ello otorga recibo en forma, con otros suplementos que ofrecía acreditar en juicio capaz; pero conociendo ambas partes que el que intentaba fomentar el referido Don

Matheo exigía por su naturaleza mayores gastos, desavenencias y aún la trascendencia de poco decoro a la familia, a intercesión de personas de distinción e inteligencia se hallan convenidos en la manera siguiente:

- Que además de las cantidades confesadas desde luego el referido Don Juan Fernández Monasterio se sujetó a dar y pagar a dicho Don Matheo por razón de la restante cuota de alimentos , y derechos que debe haber por la pertenencia de tal hijo natural mil ochocientos sesenta y seis reales de la propia moneda, los mismos que ahora de presente por ante mi escribano y testigos llevó el mismo Don Matheo a su poder contados a su satisfacción en monedas de oro y plata corrientes de España, de que le otorga Carta de pago final , y por las cantidades que no parecen de presente renuncia la excepción de la non numerata pecunia, y su prueba, y atento confiesa manejar por si caudal propio y teniendo en consideración las partidas de dinero recibidas, número de familia que mantiene el repetido Don Juan Fernández Monasterio, su corto patrimonio, y este de rigurosos gravámenes de vínculo, declara como mayor de veinte y cinco años que confiesa ser, hallarse pagado y satisfecho a su satisfacción, no solo de todos los alimentos que podía haber y reclamar contra el mencionado Don Juan Fernández Monasterio, su padre, sino también de los derechos hereditarios que le conceden las Leyes del Reino, uno y otro por todo tiempo de siempre jamás de que se aparta por si sus hijos y herederos, en tal manera que por ningún acontecimiento intentará suscitar en juicio ni fuera de él la menor acción contra el insignado Don Juan Fernández Monasterio , y si lo hiciese contra él y sus sucesores consciente no ser oído en juicio ni fuera de él, ni de pagar las costas y daños a que diese motivo bajo el seguro concepto de que se halla satisfecho de cuanto podría haber en rigurosa liquidación así respectivamente a la cuota alimenticia y perpetua , como a los más intereses legales a que es acreedor como tal hijo natural. Por tanto deseando dicho Don Juan Fernández Monasterio los mejores aumentos, honras y

distinciones civiles al prenotado su hijo natural, desde luego por virtud de la presente le hace acreedor y participante de su nobleza de que está gozando pacíficamente, y le concede licencia para poder usar de su persona con la libertad que sea conforme a derecho, así en la obtención de empleos, como en todo género de comercios e industrias, de que le hace dueño en vida y muerte para que pueda disponer a su voluntad, y tanto padre como hijo protestan y ofrecen bajo respectivos juramentos que hicieron según derecho, de que certifico, que en ningún tiempo, ni a pretexto del más leve motivo, irán ni reclamarán excepción contra este convenio, el que reciben como sentencia pasada en cosa Juzgada; a cuyo fin se sujetan a las Justicias de S. M. y renuncian las leyes de su favor con la general que prohíbe esta renunciación. Así lo otorgan y firman siendo testigos Don Antonio de Lence, cura párroco de esta feligresía, Joseph Álvarez Moreyra, vecino de ella y Francisco Fernández oficial de mí, escribano, que de todo ello, y conocimiento de las partes. Certifico =

Don Juan Fernández Monasterio
Matheo Fernández Monasterio
Ante mí
Don Felipe Antonio Taboada

1807- Reconocimiento que ha hecho Don Ramón de Páramo y Neyra de hijo natural Don José de Páramo y Neira.



SELLO CUARTO, QUARENTA MARAVEDÍS, AÑO DE MIL OCHOCIENTOS DIEZ Y SIETE
En la parroquia de San Pedro de Paradela,

jurisdicción de la villa y Puebla de Aday, a diez días del mes de Enero año de mil ochocientos diez y siete ante mí escribano de S.M y número de esta villa y jurisdicción de Aday pareció constituido personalmente Don Ramón de Páramo y Neira, vecino del Lugar del Hospital, parroquia de San Andrés de Chamoso, de la una y de la otra Don José de Páramo y Neira que lo es del lugar de Placer de esta parroquia y dijeron:

Que prevalece el Don José de Páramo de la prerrogativa de ser hijo natural de dicho Don Ramón, tenido y procreado en Francisca Fernández, oriunda del mismo pueblo de Placer en tiempo y estado en que los dos podían contraer legítimo matrimonio por estar solteros como aun en en el día lo hacen, intentó promover acción de alimentos contra el referido su padre a quien ese caso le asistían varios fundamentos de defensa como principalmente eran el de poseer un recuento patrimonio vincular y haber entregado a dicho Don José para sus subsistencia alimenticia y otros socorros, varias partidas de dinero hasta la suma de mil novecientos reales como lo confiesa y de ello otorga recibo en forma, con otros suplementos que ofrecía acreditar en juicio capaz: pero conociendo ambas partes, que el que intentaba fomentar el referido Don José, exigía por su naturaleza mayores gastos y desavenencias de poco decoro a la familia a intercesión de personas de distinción e inteligencia se hallan convencidos en la manera siguiente:


Que el recordado Don José se da por contento con la cantidad que lleva confesado haber recibido por razón de alimentos y derechos que debe haber por la pertenencia de tal hijo natural y porque aquella no parece de presente renuncia la excepción de la non numerata pecunia y su prueba y atento expresa hallándose satisfecho a su satisfacción, no solo de todos los alimentos que podía haber y reclamar contra el mencionado Don Ramón, sino también de los derechos endosarios que le conceden las leyes del Reino, cede uno y

otro por todo tiempo de siempre jamás de cuya reclamación se priva él sus hijos y herederos en tal manera que por ningún acontecimiento intentará suscitar en juicio ni fuera de él, la menor acción contra el insinuado su padre Don Ramón de Neira y Páramo, y si lo hiciese contra él y sus sucesores consciente haber ido en tribunal alguno y de pagar las costas y daños a que diere motivo bajo el seguro concepto de que se haya satisfecho se cuanto podía haber en vigorosa liquidación así respectivamente a la cuota alimenticia y perpetua como a los más intereses legales a que es acreedor como tal hijo natural y es condición de que si el Don Ramón no (?) y por su última disposición u otro contrario tuviese a bien el dejarle ignoración y agraciarse con todas las prerrogativas que antes de este instinto (?) le asistían hasta de disfrutar y llevar sin que en este caso tenga validación lo aquí pactado ni se le ha de meter en cuenta la recordada cantifa pero de no tener efecto su deliberación se ha de observar puntual y exactamente lo re referido y por tanto, deseando dicho Don Ramón de Neira y Páramo los mejores aumentos honras y distinciones civiles al prenotado su hijo natural Don José de Neira y Páramo. Desde luego por virtud de la presente le hace acreedor y participante de su nobleza de que está gozando pacíficamente y lo han hecho todos sus antecesores como una de las casas principales y distinguidas de este país y sus inmediaciones, y le concede licencia para poder usar de su persona con la libertad que sea conforme a derecho, así en la obtención de empleos honoríficos como en todo género de comercio e industrias de que le hace dueño en vida y muerte para que pueda disponer a su voluntad usando de igual beneficio sus hijos y descendientes como derivados de noble y sangre honorífica que jamás tuvo la menor controversia ni tildación. Y tanto padre como hijo protestan y ofrecen bajo respectivos juramentos que hicieron según derecho de que certifico que en ninguna época ni a pretexto del más leve motivo irán ni reclamarán excepción contra este convenio el que reciben como su fuera sentencia dada consentida y no apelada,

a cuyo fin se sujetan a las justicias de S.M su fuero y domicilio renunciando como renuncian cualesquiera leyes de su favor a que pretendan acogerse con la General que prohíbe esta renunciación, dando como dan por estampadas y suplidas las cláusulas que sean precisas y en derecho se pidan aunque aquí no lo vayan. En cuyos términos así lo otorgan y firman siendo testigos Don José López Pallín, escribano de S.M y vecino de Santa María de Bóveda, jurisdicción de la ciudad de Lugo y Don Bartolomé Díaz, cura párroco de este beneficio y Joaquín García de Santa Maria de Cabreiros, de todo lo cual y conocimiento de las partes yo escribano certifico.

Nota: En el mismo día he dado copia al Don José Páramo y Neira en papel folio segundo.

1817- Reconocimiento que hizo don Manuel Sánchez a su hijo natural Don Gregorio Sánchez



SELLO CUARTO, CUARENTA MARAVEDÍS , AÑO DE MIL OCHOCIENTOS DIEZ E SIETE.

En el Lugar de Don Julián, Parroquia de San Juan del Corgo, jurisdicción de la Villa y Puebla de Aday a catorce días del mes de Febrero año de mil ochocientos diez y siete.

Ante mí escribano de S. M. y número de esta Villa y testigos infrascritos pareció constituido personalmente Don Manuel Sánchez Cedrón Vecino de este Pueblo dijo: Que hallándose

en el estado de soltero y libre ha tenido y procreado en Doña Manuela Cedrón oriunda de la Parroquia de San Fiz de Bergazo de este distrito también soltera y en tiempo y estado en que los dos podían contraer verdadero y legítimo Matrimonio un niño llamado Gregorio y a fin de que este no quede privado de lo que realmente le pertenece y deseando el Don Manuel los mejores aumentos suyos honras y distinciones civiles al prenotado su hijo le reconoce por tal natural y desde luego, por virtud de la presente hace acreedor y participante de su nobleza de que esta gozando pacíficamente y lo han hecho todos sus antecesores como de una de las casas distinguidas de este país, y sus inmediaciones y de concede licencia para poder usar de su persona con la libertad que sea conforme a derecho así en la obtención de empleos honoríficos como en todo género de Comercios e industrias de que le hace Dueño en vida y muerte para que pueda disponer a su voluntad usando de igual beneficio sus hijos y descendientes como derivados de Noble y Sangre honorífica que jamás tuvo la menor controversia ni tildación. Y para que así se lo hagan cumplir se sujeta el otorgante a las Justicias de S. M. su fuero y domicilio, renunciando como renuncia las Leyes de su favor con la General que prohíbe esta renunciación, dando como da por estampadas y suplidas las cláusulas que sean precisas y en derecho se pidan aunque aquí no lo vayan: En cuyo testimonio así lo dijo y otorgó firmando de su nombre de que son testigos presentes Lorenzo Pérez , Don Antonio Díaz Ribera y Joaquín Cales residentes y Vecinos de la parroquia Santa Marina de Cabreiros de todo lo cual y conocimiento del otorgante yo escribano doy fe.

1819- Reconocimiento de hijo natural que ha hecho José de la Puente



En la parroquia de Santa Marina de Cabreiros, jurisdicción de la villa y Puebla de Aday, a veintiocho días del mes de diciembre año de mil ochocientos diez y nueve ante mí escribano de S.M y número de esta villa y jurisdicción de Aday y testigos infrascritos pareció constituido personal y voluntariamente Don José López de la Puente de estado soltero confiesa ser de los treinta años de edad sin estar sujeto a padre, tutor ni curador, vecino de la casa de Lamapulleira, de la parroquia de San Cosme de Manán de Abajo, de dicha jurisdicción, y dijo que hallándose en estado de soltero como dicho es y que hasta aquí disfrutó y libre ha tenido y procreado en María Fernández de Neira, actualmente residente en dicho Manán de Abajo y sin impedimento para contraer verdadero y legítimo matrimonio, un niño llamado Domingo López de la Puente y a fin de que este no quede privado de lo que realmente le pertenece, y deseando el José aquí otorgante los mejores aumentos suyos,

honras, distinciones y preeminencias civiles al precitado su hijo le reconoce por tal natural y desde luego por virtud de la presente le hace acreedor a todas sus acciones, y le concede licencia para poder usar de su propina con la libertad que sea conforme a derecho así en la obtención de empleos honoríficos como en todo género de comercios, industrias y más oficios de que se halle dueño en vida y muerte y para su mayor firmeza que así se lo hagan saber por firme como si fuera sentencia dada por juez competente declarada y pasada en juzgado y esta y sus traslados una verdadera y real ejecutoria cerca de que renuncia a todas leyes a su favor con la jurisdicción que les prohíbe en forma, en cuyo testimonio así lo dijo, otorgó y ofrece firmas de su merced de que son testigos presentes Pedro Doval, Pedro Lorenzo y Andrés Díaz, vecinos de la parroquia de San Andrés de Chamoso, de todo lo cual y conocimiento del compareciente, yo escribano doy fe.

7. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez Quiroga, C., Fuentes Sánchez, T., & Martín Monge, A. (2025). Entre o estigma e a aceptación: Maternidade ilexítima nas parroquias do Corgo. *Corga: Revista de estudos do concello do Corgo*, (11), 34–41. Recuperado de https://www.concellodocorgo.com/wp-content/uploads/2025/04/corga_11_compressed-1.pdf
- Crespo Sánchez, F. J., & Hernández Franco, J. (2015). La construcción del modelo de paternidad en España (1870-1920). *Relaciones. Estudios de Historia y Sociedad*, 36(142), 165–198.
- Dubert, I. (2001). La ilegitimidad en la Galicia rural, 1570-1900. USC. <https://www.usc.gal/hmoderna/la-ilegitimidad-en-la-galicia-rural-1570-1900>
<https://www.redalyc.org/articulo.oa?id=13751540008>
- Gacto Fernández, E. (2007). La filiación no legítima en el derecho histórico español. En M. L. García (Ed.), *Historia del derecho de familia en España* (pp. 225–256). Dykinson.
- Garrido de Palma, V. M. (1982). *El reconocimiento de hijos* [Conferencia]. Academia Matritense del Notariado. <https://vlex.es/vid/reconocimiento-hijos-pronunciada-matritense-233219>
- Rial García, S., & Rey Castelao, O. (2011). *Historia de las mujeres en Galicia. Idade Moderna*. Universidade de Santiago de Compostela / Xunta de Galicia.
- Saavedra Fernández, P. (1992). *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*. Fundación Pedro Barrié de la Maza.

8. AGRADECIMENTOS

A autora está eternamente agradecida ao persoal do Arquivo Histórico Provincial de Lugo pola súa paciencia durante a busca dos documentos que constitúen a base deste artigo.

A todos aqueles que fan posible a revista Corga, un espazo de valor incalculable que nos achega de xeito altruísta a historia do Concello.

A Alberto e a Carlos, polas recomendacións e revisións que fixeran do artigo, grazas pola amizade e a esixencia, que sen dúbida amosa que credes en min.